

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Plan de convivencia e normas de convivencia

CIFP Leixa

Curso 2025-2026

Índice

Contenido

1. Introducción.....	3
2. Contexto normativo	7
3. Comisión de convivencia	8
3.1 Composición.....	8
3.2 Funcións:.....	8
3.3 Análise do estado de convivencia no centro	8
4. Obxectivos xerais do plan de convivencia	10
5. Actuacións e medidas que se van a desenvolver.....	11
5.1 Desenvolvemento das actuacións.....	11
6. Normas de convivencia.....	15
6.1 Dos dereitos e deberes.....	15
6.2 Das normas de convivencia	19
6.3 Das faltas e sancións	27
6.4 Do dereito de reunión do alumnado	36
7. Difusión, seguimento e avaliación do plan de convivencia	38

1. Introducción

O plan de convivencia do CIFP Leixa é un documento estratéxico no que se recollen as actuacións que se van levar a cabo para mellorar a convivencia no centro.

A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa burocrática do centro educativo, senón que constitúe unha oportunidade de reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é: **“ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociemocionais e cívicas”**.

Convivir significa “vivir en compañía de outros”, e unha boa convivencia, require duns comportamentos respectuosos capaces de aceptar outras opinións, outros estilos de vida e outras formas diferentes de pensar, de ser, de aprender, de expresa... En definitiva, saber convivir supón desenvolver estratexias que nos permitan aceptar e respectar á diversidade do mundo que nos rodea, aprendendo a resolver pacificamente os conflitos derivados desta diversidade.

O conflito é consubstancial á existencia humana e a calquera relación persoal, pero tamén constitúe un elemento necesario para o desenvolvemento intelectual, emocional e social, tanto das persoas como da sociedade.

Os centros educativos móvense nunha realidade social diversa, multifactorial e complexa na que o conflito é inevitable e, ao mesmo tempo, enriquecedor xa que brinda unha oportunidade de cambio e de crecemento en todos os aspectos da vida. Desde este punto de vista, os centros de ensino constitúen un dos escenarios en que se vinculan os estudantes coa sociedade e por iso, pódese considerar un modelo esencial para a aprendizaxe da convivencia. A capacidade de mediación, a concepción convivencia en positivo e a resolución de conflitos dun centro educativo son unha estupenda oportunidade para pasar dun paradigma educativo punitivo a un paradigma preventivo e positivo da convivencia, onde a prevención e a resolución pacífica dos conflitos sexa un indicador da calidade do mesmo. Se o sistema educativo consegue interiorizar no seu alumnado estratexias para afrontar a diversidade e o conflito de xeito pacífico, estamos a garantir unha educación con proxección de futuro que prepara para a vida, ao dotar ao seu alumnado das ferramentas necesarias para desenvolverse nun mundo en constante cambio e ser quen de contribuír á construción dunha sociedade mellor.



O plan de convivencia será un documento preventivo, realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro. O devandito plan promoverá os valores democráticos e o respecto dos dereitos fundamentais e do medio ambiente, así como a loita contra toda forma de discriminación. Un bo clima de convivencia favorecerá a equidade e a inclusión das persoas con discapacidade, así como o respecto e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Basearase nas necesidades detectadas no noso centro en relación á convivencia, co fin de propoñer obxectivos realistas que dean resposta ás necesidades e permitan planificar actuacións preventivas, reeducadoras, coherentes e sistemáticas. Os piares fundamentais para o seu desenvolvemento serán os principais destinatarios do mesmo: o profesorado, o alumnado e as súas familias, que serán os artífices do seu desenvolvemento e avaliación.

O plan de convivencia será elaborado e revisado pola comisión de convivencia e aprobado polo consello social do centro (Decreto 8/2015, artigo 11 e Disposición adicional segunda).

Tendo en conta estas reflexións, así como o anterior plan de convivencia do centro e os resultados dos cuestionarios do centro sobre convivencia, deseñouse o presente plan de convivencia que inclúe as normas de convivencia do centro.

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 susténtase nun conxunto de premisas implícitas a todos os plans, programas e actuacións recollidas nela.

Os principios nos que se sustentan este Plan están amparado polo que se establece na Estratexia de convivencia escolar Educonvives 2025 e son os seguintes:

- **Individualización.**

A educación non é allea ao proceso de cambio no que está inmersa a sociedade actual. Esta realidade, marcada pola pandemia, obríganos a favorecer no alumnado a adquisición de competencias e a mellora das que xa posúe para enfrontarse ás novas situacións. Concibimos o alumnado como protagonista da educación para así favorecer o seu desenvolvemento integral, de maneira que poida lograr o máximo progreso a nivel persoal e académico. No marco dunha educación de calidade, equitativa e inclusiva, a escola constitúe un espazo de crecemento persoal que se adapta e responde ás características particulares.

- **Esforzo compartido.**

Enténdemos a convivencia escolar como unha responsabilidade compartida sustentada nos valores de confianza, transparencia e proximidade. É necesario potenciar a colaboración non só dentro do ámbito educativo senón tamén doutros ámbitos como o sanitario, social e os do “terceiro sector”. É fundamental promover sinerxías entre os distintos posibles actores para o desenvolvemento de iniciativas innovadoras en beneficio da convivencia escolar. Unha educación de calidade que outorgue á comunidade educativa un clima de benestar nas aulas é resultado da cooperación entre o alumnado, o profesorado, as familias, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto.

- **Prevención.**

Unha actitude proactiva da comunidade educativa que permita adiantarnos á aparición das dificultades, ou minimizalas, constitúe a base necesaria para acadar unha convivencia positiva nas aulas. O deseño e desenvolvemento dos plan de convivencia, igualdade e benestar, con carácter preventivo constituirán a mellor ferramenta para formar e sensibilizar ao alumnado, profesorado e familias para aprender a convivir.

O enfoque preventivo ten como obxectivo preparar para xestionar os conflitos, proporcionando ferramentas para abordalos de xeito construtivo. A formación das persoas na provención supón fortalecer nelas habilidades e capacidades como a empatía, a solidariedade, a cooperación e a colaboración, a comunicación e a negociación, para que sexan quen de abordar os conflitos de xeito positivo.

- **Adaptación á transformación dixital.**

En consonancia coa Estratexia Galicia Dixital 2030, a Estratexia Educación Dixital 2030 e co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica resulta necesario informar e formar á comunidade educativa

para que sexa quen de desenvolver estratexias e habilidades nesta era dixital. A situación global de pandemia acelerou a transformación dixital das escolas, un fenómeno que impregna desde fai tempo diversos ámbitos da sociedade e que afecta á comunidade educativa nunha dobre vía: dispoñer dos recursos necesarios para o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado e contar coas pautas que faciliten a convivencia na contorna dixital.

- **Coidado do benestar emocional.**

O sistema educativo debe contribuír a que as persoas que integran a comunidade educativa adquiran as habilidades interpersoais e intrapersoais necesarias para acadar un bo estado de saúde emocional. É fundamental que o profesorado teña unha adecuada xestión das súas emocións para así axudar ao alumnado no manexo das súas.

2. Contexto normativo

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. No 136, 15-xullo-2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei anterior (D.O.G. No 17, 27-xaneiro- 2015).
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Os distintos protocolos publicados pola Consellería.
- Lei orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia. (Adica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo.)
- A Ley 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e non discriminación.
- Lei Orgánica 4/2023, do 27 de abril, para a modificación da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, nos delitos contra a liberdade sexual, a Lei de Enxucia-mento Criminal e a Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidad penal de los menores.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- ORDEN de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persona coordinadora de bienestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesio-nal e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.
- Estratexia galega de convivencia escolar Educonvives 2025.



<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/convivencia>

3. Comisión de convivencia

3.1 Composición

Composición	
Presidente/a / Director/a ou persoa do equipo directivo na que delegue	M ^a Teresa Martín García
Representantes do alumnado (2)	Representantes designados pola Xunta de Delegados.
Representante persoal de servizos (1)	O representante do persoal de servizos voluntario ou que lle corresponda por quenda rotatoria.
Representantes do profesorado	Xefatura do DIOP e profesorado das distintas familias profesionais que forma parte do DIOP.

3.2 Funcións.

A principal función da comisión de convivencia é a de elaborar e planificar diferentes actuacións a nivel de centro coa finalidade de contribuír á mellora da convivencia do centro e contribuír á prevención e resolución dos conflitos.

Constituirase en reunión extraordinaria na última semana de setembro e estará integrada dentro das comisións de igualdade e benestar formando unha única Coordinación.

Reunirse con carácter ordinario cada mes, para recoller as incidencias producidas, as actuacións levadas a cabo, ademais de valorar e avaliar a súa efectividade, a fin de establecer as propostas de mellora que se consideren oportunas.

3.3 Análise do estado de convivencia no centro

O CIFP Leixa atende estudantes procedentes principalmente da área de Ferrolterra que cursan estudos de formación profesional das familias profesionais de Artes Gráficas, Sanidade e Servizos socioculturais e á comunidade. Trátase dun alumnado, de 17 anos ou máis de procedencia diversa tanto cultural como social, que busca a través dos estudos de FP unha cualificación profesional que lle permita integrarse no mercado laboral.

O alumnado dos ciclos formativos de grao superior posúe, en xeral, un grao de madurez persoal e intelectual aceptable. As relacións sociais entre compañeiros e compañeiras e co profesorado están fundamentadas no respecto, escoita activa, tolerancia e cumprimento das normas de convivencia. De tódolos xeitos, pode producirse algún episodio illado que perturbe o bo funcionamento habitual.

O alumnado de ciclos formativos de grao medio e o de FP Básica presentan maior inmadurez social e intelectual o que, ás veces, con maior frecuencia, da lugar a que se produzan faltas de respecto entre compañeiros e compañeiras e co profesorado, falta de cumprimento das normas de convivencia e/ou deterioro das instalacións e materiais do centro. Estas condutas requiren dunha resposta rápida para evitar a súa xeneralización. Para previlas, traballárase desde as tutorías, tal e como xa contempla no PAT, as habilidades sociais e o fomento de actitudes de cooperación e respecto como guía fundamental da nosa conduta cara aos demais. Estas actividades terán máis peso na FP Básica, xa que normalmente o alumnado que altera a convivencia adoita a ter unha historia de fracasos e de carencias persoais, moi frecuentes nestes grupos.

En síntese, podemos dicir que o ambiente de convivencia no noso centro non amosa problemas significativos, aínda que estes últimos cursos, probablemente como consecuencia directa da pandemia, detectamos un incremento significativo de casos de ansiedade e desequilibrios emocionais entre os estudantes, menos frecuentes antes e que afectan ao normal desenvolvemento das clases e da convivencia.

Entre os conflitos máis comúns podemos citar:

- Non se respectar as normas de organización e funcionamento do centro
- Mal uso dos dispositivos móbiles durante as actividades lectivas
- Falta de puntualidade e faltas inxustificadas.
- Falta de respecto ao profesorado e persoal subalterno
- Interromper, molestar e non deixar dar clase aos docentes.
- Mal uso do aparcamento de estudantes.

A nivel de convivencia non se detectan condutas relevantes con respecto a discriminacións de xénero, etnia, orientación sexual, relixiosa ou situación económica.

As enquisas de satisfacción mostran en xeral, un alto grao de satisfacción co ambiente do centro, a relación co profesorado e a ausencia de conflitos significativos graves.

4. Obxectivos xerais do plan de convivencia

- Crear un clima adecuado de acollida que favoreza a integración rápida do alumnado e profesorado de nova incorporación ao centro.
- Promover a participación do alumnado na elaboración das normas de aula e do centro, así como o respecto ás mesmas.
- Establecer mecanismos rápidos e eficaces de mediación para adoptar alternativas educativas sen necesidade de recorrer a expedientes disciplinarios.
- Concienciar ao alumnado no coidado e conservación dos recursos e instalacións do centro, especialmente no referido a ordenadores, aulas, biblioteca..., así como no respecto ao medio ambiente
- Participar en actividades para dotar ao alumnado e profesorado de estratexias de resolución de conflitos e habilidades socio-emocionais, que favorezan a socialización, a tolerancia, a solidariedade e a interculturalidade.
- Desenvolver o plan de igualdade e promover actuacións que incidan na igualdade de homes e mulleres e na non discriminación por razóns de xénero, etnia, orientación sexual, relixiosa ou situación económica.
- Establecer canles de colaboración con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro (concello, policía, ONGs, asociacións)

5. Actuacións e medidas que se van a desenvolver

Consideraranse os seguintes catro niveis de actuación:

1. Actuacións organizativas de mellora da convivencia
2. Actuacións preventivas para o fomento da convivencia
3. Actuacións correctivas ante condutas contrarias ás normas de convivencia
4. Actuacións dirixidas a mellorar a formación en materia de convivencia para o profesorado.

5.1 Desenvolvemento das actuacións

1. Actuacións organizativas de mellora da convivencia				
Medida	Actividade	Temporalización	Responsables	Avaliación
Dar a coñecer o plan de convivencia ao profesorado	Reunión inicial de Claustro	Setembro	Equipo directivo e profesorado	Acta de claustro
Organizar a xornada de acollemento do alumnado	Xornada de acollemento	Setembro	Equipo directivo DIOP Titores/as	Enquisa de acollemento.
Organizar o acollemento do profesorado de novo ingreso	Reunión co profesorado de novo ingreso. Entrega de documentación ás titorías para o acollemento do alumnado. Acollemento profesorado	Setembro	Equipo directivo DIOP	Acta Asistencia reunión Entrega de documentación.
Dar a coñecer o plan de convivencia ao alumnado e do establecemento das normas de clase	Titoría inicio de curso	Setembro	Titoría inicio de curso Carpeta de estudante. Equipos docentes.	Acta titoría Actas reunión de equipos docentes. Asistentes
Dar a coñecer o plan de convivencia ás familias (FP Básica)	Reunión informativa coas familias	1º Trimestre	Titoría	Ao rematar a actividade
Designar e constituír a comisión de convivencia	Reunión inicial de constitución da Comisión	Setembro	Dirección	Acta de constitución Memoria
Poñer a disposición da comunidade educativa o "Buzón de queixas e suxestións"	Difusión do "Buzón de queixas e suxestións"	Inicio de curso	Dirección	Nº de suxestións recibidas/solucións aportadas.

Dar a coñecer os distintos protocolos relativos á atención á diversidade e convivencia	Dar visibilidade aos protocolos	1º Trimestre	Dirección e DIOP Aulas virtuais. Páxina web. Titoría/profesorado	Documentación
Avaliación da convivencia	Reunión	Mensual	Coordinación, bienestar, igualdade e convivencia (BIC)	Enquisa final de curso de convivencia

2. Actuacións preventivas para o fomento da convivencia				
Medida	Actividade	Temporalización	Responsables	Avaliación
Consensuar co alumnado as normas de clase	Normas específicas de cada módulo/ciclo	Ao inicio de curso	Dirección Titores/as Profesorado	Nº de suxestións /solucións
Controlar a asistencia ás clases	Introducir as faltas en Xade Comunicar as faltas de asistencia á familia no caso de alumnado menor de idade Comunicar as PD e as baixas de oficio ao alumnado	Todo o curso	Profesorado Titoría	Protocolos de asistencia ou faltas de asistencia cubertos
Concienciar ao alumnado da súa necesaria implicación para acadar unha boa convivencia	Titorías individuais co alumnado Titorías colectivas Reunións do equipo docente coa finalidade de abordar as incidencias puntuais	Primeiras semanas do curso. Todo o curso	Titorías Equipo Directivo. DIOP Profesorado Coordinación (BIC)	Reunión dos equipos docentes. Acta de reunión de equipos docentes.
Potenciar as relacións positivas entre o alumnado do centro	Conmemoracións que faciliten as interaccións da comunidade educativa: Celebración de Nadal, Entroido, Fin de curso...	Todo o curso	Orientación Titorías Dirección Alumnado	Ficha de ACF Número de asistentes. Grao de satisfacción. Autorización imaxe
Potenciar a participación do alumnado en campañas e actividades solidarias	Doazón de sangue Campaña de recollida de alimentos Voluntariado	Todo o curso	Alumnado DIOP Titorías Profesorado Coordinación BIC	Ficha de ACF Número de asistentes. Grao de satisfacción. Autorización imaxe
Fomentar conductas positivas no alumnado	Talleres de prevención. Talleres de habilidades	Todo o curso	Titorías Profesorado	Número de asistentes.

para lograr unha boa convivencia no centro	sociais e responsabilidade Outros talleres		Departamentos. DIOP Coordinacións BIC.	Grao de satisfacción.
Promover a participación, cooperación e comunicación entre o alumnado	Elección de delegado/a Reunión Xunta de delegados/as	1º Trimestre	Titorías Equipo directivo DIOP	Actas
Promover actividades que favorezan a participación, cooperación e comunicación entre os membros da Comunidade educativa	Xornada de portas abertas Xornada de Orientación Xornada Emprendemento Actividades entre distintas familias do centro e intercentros ...	Todo o curso	Toda a comunidade educativa	Memoria

3. Accións correctivas (ver o apartado 6)

Medida	Actividade	Temporalización	Responsables	Avaliación
Protocolo de actuación conductas contrarias normas de convivencia do centro	Mediación de conflitos entre o alumnado Falta de orde	Todo o curso e segundo a lexislación vixente	Profesorado Titorías DIOP Dirección Coordinación BIC	Seguimento das actuacións e valoración das mesmas Rexistro de incidencia
Protocolo de actuación ante conductas gravemente prexudiciais para á convivencia.	Contacto coa familia de ser alumnado menor de idade Informe reservado Expediente disciplinario	Todo o curso e segundo a lexislación vixente	Dirección Xefatura de estudos	Cuantificación anual do tipo e número de partes disciplinares.

4. Actuacións dirixidas a mellorar a formación en materia de convivencia para o profesorado

Medida	Actividade	Temporalización	Responsables	Avaliación
Solicitar programas de formación do profesorado.	Formación en materia de resolución de conflitos, mediación e igualdade.	Primeiro trimestre	Dirección Vicedirección Coordinación de formación. DIOP Coordinación benestar igualdade e convivencia (BIC)	Participantes Horas de formación Número de profesorado implicado/familia profesional

Formación en materia de bienestar emocional	Formación en materia de bienestar emocional	Todo o curso	Dirección Vicedirección DIOP Coordinación de formación. Coordinación BIC	Participantes Horas de formación. Número de profesorado implicado/familia profesional
Formación en materia de prevención do acoso escolar	Formativa en materia de prevención do acoso escolar	Todo o curso	Departamentos Titorías DIOP Coordinación BIC Alumnado	Ficha de ACF Número de asistentes. Grao de satisfacción. Autorización imaxe Enquisa
Informar e difundir o 'punto naranxa' contra o acoso escolar	Información e difusión do punto laranxa. Atender as demandas.	Segundo trimestre	Departamentos Titorías Coordinación BIC	Demandas/respostas Páxina web Aulas virtuais
Protocolo de acoso y ciberacoso	Información e difusión dos protocolos de acoso e ciberacoso.	Primeiro trimestre	Departamentos Titorías Coordinación BIC DIOP	Páxina web Aulas virtuais
Asistencia de profesorado e alumnado a charlas formativas de expertos	Charlas para favorecer el uso seguro de tecnología. Prevención de conductas de risco. Prevención de situacións de violencia de xénero e de acoso escolar.	Todo o curso	Vicedirección DIOP Coordinación BIC Equipos docentes	Ficha de ACF Número de asistentes. Autorización imaxe Enquisa

6. Normas de convivencia

6.1 Dos dereitos e deberes

6.1.1 Xeral.

Considéranse deberes e dereitos dos diferentes colectivos que forman parte da comunidade educativa do CIFP Leixa os contemplados na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que se relacionan de seguido.

6.1.2 Das nais e pais

As nais e pais ou os titores/as, en relación coa educación dos seus fillos/as menores de idade, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo do centro.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a administración educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia.

6.1.3 Do alumnado.

Recoñécense ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos na normativa vixente:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar en calquera das súas formas.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito do resto do alumnado á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as crenzas relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia.

- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

A tal fin, o CIFP Leixa considera básicas as normas establecidas no seguinte decálogo do estudante, que debe incluírse na **guía do alumnado** que se pon a disposición a principio de curso no acto de acollida.

1. **COÑECE E RESPECTA AS NORMAS DO CENTRO.**
2. **RESPECTA E COLABORA CO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA (estudantes, docentes e non docentes).**
3. **EVITA OS CONFLITOS E ACUDE AOS MEDIADORES/AS PARA RESOLVELOS.**
4. **ASISTE CON PUNTUALIDADE A TODAS AS ACTIVIDADES EDUCATIVAS.**
5. **AVISA CON ANTELACIÓN AO TITOR/A DAS FALTAS DE ASISTENCIA PREVISTAS E XUSTIFÍCAAS NO PRAZO ESTABLECIDO.**
6. **RESPECTA E COIDA OS RECURSOS, MOBILIARIO E INSTALACIÓNS DO CENTRO.**
7. **EMPREGA VESTIMENTA AXEITADA PARA REALIZAR AS TAREFAS FORMATIVAS.**
8. **RESPECTA O AMBIENTE DE TRABALLO EN TODAS AS DEPENDENCIAS DO CENTRO E MANTEN O DEBIDO SILENCIO NA BIBLIOTECA.**
9. **PERMANECE NA AULA DURANTE OS CAMBIOS DE CLASE.**
10. **NON USES MÓBILES, CÁMARAS, GRAVADORAS, ... DENTRO DO RECINTO ESCOLAR.**
11. **LEMBRA QUE NON SE PODE FUMAR EN TODO O RECINTO ESCOLAR E QUE ESTÁN PROHIBIDAS AS BEBIDAS ALCOHÓLICAS.**
12. **NON COMAS NIN BEBAS NOS ESPAZOS NOS QUE SE REALIZAN ACTIVIDADES PEDAGÓXICAS.**

6.1.4 Do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécense os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a súa implicación en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relaciona- das coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou aos titores/as, no caso de menores de idade, sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro e, de ser o caso, á administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e siliro profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

6.1.5 Do persoal de administración e servizos

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécense os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.

Son **deberes** do persoal de administración e servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sxiilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

6.2 Das normas de convivencia

6.2.1 O diálogo como base da convivencia.

Tomando como referencia o proxecto funcional e o plan anual así como a normas de organización e funcionamento, adóptase o diálogo e o respecto entre as persoas como base da convivencia e establécese un protocolo básico ante os casos de queixa:

- De estudantes pola actitude de docentes:

- Cando se dean circunstancias que fagan que un grupo teña queixas pola actitude de docentes, a persoa delegada do grupo llo comunicará á titoría (ou á dirección se se trata da titoría) quen falará co profesorado afectado tratando de mediar nun diálogo que leve á solución do problema.
- Se non se soluciona e o alumnado segue reclamando, farano diante da dirección por escrito. A dirección informará ao profesorado afectado e reunirá ao grupo e ao equipo docente para tratar de solucionar o problema colectivamente. Levantarase acta da reunión.
- Se non se soluciona o problema, darase traslado á inspección educativa.
- De profesorado fronte a actitude de estudantes:
 - Cando sexa un/ha docente o que teña queixas da actitude de un ou máis estudantes, informará á titoría (ou á dirección de ser o caso), e promoverase unha reunión entre o profesorado, a titoría e o alumnado e, no caso de menores de idade, os pais, tratando de chegar a unha solución. Se se considera oportuno pode estar presente a xefatura de estudos. Nesta reunión pódese solicitar a intervención do DIOP ou de algún membro do equipo de Coordinación de benestar igualdade e convivencia (BIC)
 - Se non se soluciona o problema, aplicarase o contido nestas normas de convivencia en materia de faltas e sancións segundo se establece no punto 6.3.

6.2.2 Alteracións da convivencia.

Calquera alteración da convivencia no centro será informada á dirección, preferiblemente por escrito, quen resolverá segundo a gravidade do feito logo de escoitar á persoa ou persoas infractoras, de acordo co establecido na lexislación vixente e nestas normas de convivencia.

A dirección anotará as incidencias no libro de rexistro de incidencias.

Cando se produzan feitos dos que non se poida determinar o causante será informada a comisión de convivencia, quen resolverá segundo o seu criterio decidindo, se é o caso, a apertura dun informe reservado segundo se establece no plan de convivencia e nestas normas de convivencia.

6.2.3 Respetto das instalacións.

Todos os membros da comunidade educativa deben respectar e coidar as instalacións do centro informando á dirección, a través do apartado de incidencias da web do centro, de cantas anomalías se detecten, para poder adoptar as medidas de seguridade axeitadas, se fose o caso, e efectuar as reparacións oportunas.

En todo caso, o alumnado non pode acceder, sen a debida autorización, aos espazos e despachos de uso exclusivo do profesorado e persoal non docente, en particular:

- Conserxería.
- Secretaría.
- Dirección.
- Despachos de departamentos.
- Sala de docentes.
- Sala de persoal de limpeza.
- Salón de actos.
- Aulas, talleres e laboratorios cando non hai docentes presentes.

6.2.4 Respetto das pertenzas privativas.

Todos os membros da comunidade educativa son responsables das súas pertenzas de índole privada polo que deben custodialas en todo momento. Neste sentido, o centro non asume responsabilidades respecto da desaparición de pertenzas privativas que non estean baixo a custodia directa dos seus donos/as, independentemente da apertura de liñas de investigación e, no seu caso, expediente cando se produzan roubos no centro.

6.2.5 Respetto dos horarios.

Todos os membros da comunidade educativa deben respectar os horarios de entrada e saída nas aulas. Para iso teranse en conta os seguintes puntos:

- Tanto estudantes como docentes deben ser puntuais nas entradas e saídas ás clases debendo permanecer no interior das aulas durante a duración das sesións, non permitíndose “descansos” fóra das aulas. O responsable de que o alumnado non abandone as aulas é o profesorado que está a impartir a docencia.

- Cando un/ha estudante chegue tarde a clase deberá dársele autorización a entrar facendo constar a falta de puntualidade. A comisión reiterada de faltas de puntualidade (máis de tres nunha mesma materia ou máis de cinco en materias distintas) será comunicada pola titoría do alumnado aos pais (en caso de menores de idade) ou ao propio estudante se é maior de idade. De seguir a falta de puntualidade, a titoría informará á xefatura de estudos.
- O alumnado que non cambie de aula entre clase e clase deberá permanecer no seu interior á espera do profesorado correspondente.
- Se o alumnado debe abandonar a aula por causas de forza maior farano regresando no menor tempo posible. Se non pode seguir continuando se valorará a presenza do profesorado de garda para acompañar ao alumnado a un espazo reservado para elo ata que se recupere e poida incorporarse con normalidade e seguridade á realización das actividades lectivas. O profesorado de garda poderá requirir a presenza da xefatura de estudos, orientación ou de algún membro da coordinación de benestar igualdade e convivencia, que se atope nese momento dispoñible.
- Os grupos que deban cambiar de aula entre clase e clase farano de inmediato. En todo caso, o profesorado correspondente terá en conta tal continxencia debendo dar ao alumnado uns minutos para que cheguen á aula.
- O profesorado deberá acudir á aula inmediatamente ao toque do timbre. En todo caso, cando toque o timbre o cambio de aula será inmediato, agás casos de forza maior.
- As aulas estarán pechadas cando non haxa grupos no seu interior e nos cambios de clase sempre que o grupo cambie de aula. Poderán permanecer abertas se o grupo non cambia de aula. En todo caso as aulas serán pechadas durante os recreos e nas horas de xantar.
- Para garantir o peche das aulas, a principio de curso facilitarase ao profesorado unha chave mestra que servirá para a maioría das aulas. Naquelas aulas que non teñan chave mestra, a chave estará na sala de docentes debidamente identificada. É responsabilidade do profesorado devolver as chaves específicas á sala de docentes cando non as precisen.
- É responsabilidade do profesorado a apertura e peche das aulas.

- O alumnado que non teña clase pola falta de profesorado deberá esperar instrucións do profesorado de garda. Baixo ningún concepto poderá abandonar o centro educativo por decisión propia.
- Cando o profesorado se retrase na entrada a clase 10 minutos, a persoa delegada do grupo acudirá á sala de docentes onde preguntará polo profesorado de garda, quen se ocupará do grupo. Mentres tanto, a totalidade do alumnado do grupo permanecerá na aula, de estar aberta, ou no corredor ata que chegue o profesorado de garda, debendo manter silencio.
- O alumnado que non teña clase non poderá permanecer nos corredores nin nos servizos (agás no seu uso normal). A súa estancia será preferentemente na biblioteca ou na cafetería e, excepcionalmente, nos espazos ao aire libre.
- A celebración de probas ou exames ten carácter lectivo polo que o profesorado e o alumnado debe permanecer nas aulas durante toda a duración prevista das probas.

6.2.6 Respecto das actividades docentes.

É competencia do profesorado determinar se as aulas que utilizan teñen os recursos axeitados para a práctica docente xeral (material común de aula) trasladando á dirección as necesidades.

No caso dos talleres e laboratorios asignados a un departamento, o profesorado debe informar á xefatura de departamento das necesidades materiais con tempo suficiente a fin de garantir que se dispoña do material necesario para a realización das prácticas programadas.

Os departamentos deben establecer nas súas programacións os protocolos sobre o uso e as condicións de acceso ao material, eliminación de refugалlos e procedementos de realización de pedidos.

O profesorado é responsable do control do material da aula específico para a práctica docente e do seu correcto uso en condicións de seguridade.

O profesorado de nova incorporación deberá ser informado dos protocolos de utilización dos materiais, limpeza e compras.

Todos os membros da comunidade educativa deberán respectar o mobiliario e instalacións no seu uso, mantemento e limpeza. O deterioro voluntario do material será comunicado á direc-

ción e á comisión de convivencia quen poderá sancionar coa reposición do mesmo ao seu estado orixinal. Será obrigatorio comunicarlles aos pais e nais de estudantes menores de idades a sanción adoptada no caso de deterioro intencionado.

No caso de que se alteren as condicións normais e se imposibilite o desenvolvemento das clases (calefacción, humidade, olores, roturas, ...) o profesorado comunicarao á dirección quen deberá xestionar a corrección do defecto no menor tempo posible. No caso de que non estea garantida a seguridade, poderanse trasladar as clases a outra dependencia. De non ser posible, a dirección poderá suspender as clases ata que se corrixan os defectos.

6.2.7 Respecto do control de acceso ao instituto.

Baixo ningún concepto se permitirá a entrada ao instituto portando calquera tipo de arma, incluídas navallas, punzóns ou calquera outro obxecto potencialmente perigoso. O alumnado deberá facer uso dos materiais apropiados para o desempeño das tarefas encomendadas.

Está especificamente prohibido entrar ou consumir no recinto escolar calquera tipo de substancia sometida a prohibición legal así como bebidas alcohólicas. Cando se detecte ou sospeite a presenza deste tipo de substancias tramitarase a oportuna denuncia ante as forzas de seguridade do Estado.

Non se permite a utilización de teléfonos móbiles no interior das aulas, talleres, biblioteca, salón de actos e todas as dependencias onde se celebren actividades educativas.

Poderase exceptuar o seu uso:

- Cando o docente indique ao alumnado o seu uso como ferramenta pedagóxica.
- Cando o alumnado teña xustificado e ou documentado o seu uso por motivos médicos.
- Cando o alumnado precise facer uso do teléfono por motivos persoais, familiares. Neste caso puntual o alumnado deberá comunicalo previamente ao profesorado.

Por cortesía deben permanecer desconectados durante a celebración de reunións.

A entrada e permanencia no interior do centro de persoas alleas ao mesmo só se permitirá cando a súa presenza estea xustificada por algunha xestión.

6.2.8 Respetto do uso dos aparcamentos.

Os aparcamentos do centro son para uso exclusivo dos membros da comunidade educativa.

- Débense utilizar os aparcamentos de forma responsable ocupando as prazas existentes segundo o seu tamaño e o do vehículo e sen obstaculizar o aparcamento e circulación doutros vehículos.
- Debido a escaseza de prazas para estudantes, o centro pode facilitar unha tarxeta de identificación do vehículo que deberá permanecer visible mentres estea ocupando praza de aparcamento. As titorías informarán a principio de curso das normas de aparcamento e de que o alumnado que teña vehículo debe recoller a tarxeta en conserxería.

6.2.9 Respetto da hixiene persoal, a vestimenta e a aparencia.

Todos os membros da comunidade educativa deben asistir ao centro cunha correcta hixiene persoal, e tanto a súa vestimenta como a aparencia deben ser coidadas e axeitadas aos labores educativos que se desenvolven no centro. Neste sentido, cando as actividades así o requiran, a vestimenta e a aparencia deben adecuarse ás normas de hixiene e seguridade no traballo facendo uso das equipas de protección individuais segundo proceda.

De xeito xeral observaranse as seguintes normas:

- a) Evitarase o “exceso” na vestimenta e no uso de complementos. Considéranse “exceso” aquelas circunstancias que dificulten ou impidan o desenvolvemento das actividades propias do centro ou dos estudos realizados, provoquen rexeitamento xeral ou situacións de incomodidade manifesta e constatable nas persoas.
- b) Quedan prohibidos os símbolos, frases e imaxes, incluídas as tatuaxes, que resulten ofensivos, indecorosos ou sexan considerados de mal gusto. En calquera caso, as tatuaxes deben levarse cubertas agás aquelas que polo seu pequeno tamaño ou localización resulte improcedente ocultalas.
- c) Dentro do recinto escolar todos os membros da comunidade educativa deben levar a cabeza e cara descubertas agás nas seguintes situacións, informadas e aceptadas polo consello social:

- Circunstancias laborais ou pedagóxicas dentro do ámbito da hixiene e seguridade no traballo (uniformes, cubrecabezas, mascarar, ...) cando estean debidamente xustificadas.
- Circunstancias de índole relixiosa, como hábitos ou panos que cubran o cabelo. En calquera caso debe quedar garantido o recoñecemento facial das persoas.
- Circunstancias de saúde, psicolóxicas ou estéticas documentadas.
- Actividades complementarias ou extraescolares debidamente informadas e autorizadas polo consello social, ou o órgano no que delegue, incluída a celebración do Entroido. Neste último caso, calquera membro da comunidade educativa debe descubrirse diante do requirimento das autoridades do centro.
- Aquelas outras non contempladas nas normas de convivencia sempre que sexan autorizadas expresamente polo consello social ou órgano no que delegue.

As circunstancias persoais que cumpran os requisitos de aplicación destes puntos, agás o a), deben trasladarse por escrito presentado e documentado, dirixido á presidencia do consello social. Será o consello social, oída a comisión de convivencia, quen adopte as resolucións axeitadas e autorice ou denegue as excepcións da norma.

6.2.10 Respecto da hixiene e seguridade no traballo.

Todos os membros da comunidade educativa deben observar, cumprir e facer cumprir as normas básicas de hixiene e seguridade no traballo.

De xeito xeral observaranse as seguintes normas:

- a) Está prohibido fumar en todo o recinto escolar.
- b) Está prohibido beber e/ou comer nas aulas, talleres, salón de actos, sala de actividades, biblioteca e, en xeral, en todas as dependencias onde se realicen actividades pedagóxicas.

Quedan exceptuadas desta norma as seguintes situacións persoais, informadas e aceptadas pola dirección do centro:

- Circunstancias de saúde documentadas.

- Actividades académicas incluídas na correspondente programación didáctica, sempre que estean debidamente xustificadas.

Aquelas outras non contempladas nas normas de convivencia, sempre que contén coa autorización escrita da dirección do centro e sexan informadas ao consello social.

6.2.11 Respetto das taquillas de estudantes.

O CIFP Leixa pode poñer a disposición do alumnado taquillas persoais previo depósito da cantidade que fixe o consello social.

O correcto uso das taquillas e a súa conservación corresponde ao alumnado, quen deberá observar as seguintes regras respecto ao seu uso:

- O acceso será antes do comezo ou despois do remate das actividades lectivas ou durante os períodos de descanso. Non está permitido o acceso ás taquillas nos intercambios de clase.
- As taquillas utilizaranse para a garda e custodia do material escolar e pertenzas persoais do alumnado.
- Non se permite o depósito nas taquillas de calquera obxecto perigoso ou substancia prohibida por estas normas de convivencia ou normativa legal.
- Cando se sospeite un uso inadecuado ou a existencia de obxectos ou substancias prohibidas, calquera autoridade do centro pode solicitar ao estudante a apertura da taquilla para o seu control. A negativa dun/ha estudante a abrir a taquilla constitúe unha falta grave tal e como se establece no punto 6.3.2 destas normas de convivencia.

6.3 Das faltas e sancións

6.3.1 Xeral.

De acordo co espírito da normativa e o contemplado no proxecto funcional e no plan de convivencia, a aplicación de medidas contempladas nestas normas de convivencia deben ser o último recurso logo de esgotar todos os recursos de diálogo e respecto dispoñibles. En

calquera caso as sancións impostas deben ter un carácter corrector, recuperador e integrador.



6.3.2 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Consideraranse condutas gravemente **prexudiciais** para a convivencia as contempladas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, desenvolvidas nos seguintes puntos:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa:
 - A utilización de teléfonos móbiles, reprodutores de música ou vídeo, cámaras fotográficas e, en xeral, calquera medio de obtención e/ou reprodución de imaxe e son en calquera zona do instituto, sen contar con autorización. Neste sentido, queda terminantemente prohibido facer calquera tipo de gravación no interior do centro agás aquelas que se correspondan con actividades complementarias ou extraescolares e sempre que se dispoña de autorización.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou captación de documentos académicos:
- A receptación ou captación non autorizada de material docente, incluídos exames.
 - O intento de intromisión nos arquivos informáticos de uso docente ou administrativo.
 - A utilización dos medios e recursos do centro para calquera actividade particular allea ás funcións docentes agás nos casos de autorización expresa da dirección.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa captación:
- As subtraccións por valor superior a 6 €, que en todo caso levarán á restitución inmediata.
 - A manipulación non autorizada dos ordenadores do centro, cambiando a súa configuración, borrando ou instalando programas, sen autorización previa da dirección.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando se é requirido para iso polo profesorado:
- A negativa a abrir as taquillas cando haxa sospeitas fundadas de que se garda calquera dos obxectos, substancias ou produtos aos que fai referencia estas normas de convivencia.

- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia:
- A comisión de tres faltas (a mesma ou distintas) das especificadas na sección 6.3.3 destas normas de convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

6.3.3 Condutas leves contrarias á convivencia.

Consideraranse condutas leves contrarias á convivencia as contempladas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, desenvolvidas nos seguintes puntos:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do punto 6.3.2 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do punto 6.3.2.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade. A estes efectos considerarase que tres faltas de puntualidade na mesma materia computan como unha de asistencia sen xustificar.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As alteracións do ambiente que dificulten o desenvolvemento das clases, dentro ou fóra da aula, incluídas as distraccións e desatencións.
- f) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia, entre as que o CIFP Leixa destaca:
- As accións que impidan ou dificulten que un/ha ou máis estudantes acudan a clase.

- A non comparecencia diante das autoridades educativas cando sexa requirida a persoa.
- O deterioro leve dos mobles, materiais ou instalacións, voluntarios ou por negligencia.
- A alteración leve da estética do instituto incluídas as pintadas, pegado de carteis, etc., fóra dos lugares destinados a tal fin.
- As subtraccións de cartos ou obxectos por valor inferior a 6 €.
- O incumprimento das funcións encomendadas por cargo.
- A permanencia inxustificada de homes nos servizos de mulleres e de mulleres nos servizos de homes.
- A manipulación non autorizada das pertenzas e taquillas persoais.
- A non asistencia grupal ás clases sen causa xustificada.
- O abandono inxustificado da aula durante as horas lectivas.
- A visita de páxinas non autorizadas en Internet.
- A obstrución dos aparcamentos para a correcta realización de manobras de entrada e saída do resto dos usuarios/as.

6.3.4 A conciliación.

Cando se produza un feito dos contemplados nos puntos 6.3.2 ou a dirección do centro iniciará un proceso de información ao alumnado afectado e aos seus proxenitores/as, se é o caso, ofrecendo a posibilidade dun acto de conciliación para o que se nomeará unha persoa instrutora e unha persoa mediadora (co asesoramento do departamento de IOP) entendendo tal acto de conciliación como voluntario, pero co compromiso de cumprimento das accións que se propoñan.

En aplicación da normativa vixente, a aceptación da conciliación suspende, provisionalmente, calquera procedemento disciplinario, que se pode volver a iniciar se o acto de conciliación resulta infrutuoso.

- Para o inicio do acto de conciliación promoverase unha reunión da dirección coas partes afectadas levantándose acta da aceptación ou renuncia do acto de conciliación. Se se acepta o acto de conciliación iniciárase o mesmo e nomearanse ás persoas instrutoras e mediadoras que serán responsables de levar a diante o acto.

Unha vez nomeada a persoa instrutora, a dirección facilitaralle unha carpeta coa documentación axeitada así como un pendrive USB con copias dixitais da normativa e os documentos necesarios para a resolución.
- A persoa instrutora fará unha proposta cun calendario de actuacións e de reunións que se entregará ás partes, levantándose acta de cada reunión celebrada así como das resolucións adoptadas.
- Cando se chegue a un acordo, levantarase acta final co acordo adoptado e o compromiso das partes mediante sinatura.
- A persoa instrutora entregará copia de toda a documentación á xefatura de estudos garantindo a custodia da documentación e a protección de datos do procedemento.
- Os **obxectivos** do acto de conciliación son:
 - A resolución pacífica do conflito:
 - A reconciliación.
 - A reparación dos danos, causados, de ser o caso.
 - A participación activa das persoas implicadas.
 - A prevención fronte a novos conflitos.

6.3.5 Medidas correctoras para condutas leves.

As medidas correctoras (únicas ou combinadas) que se poden impoñer no centro son as que se relacionan na Lei 4/2011:

- a) Amonestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar as actividades que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar as actividades que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levará a cabo:

- a) O profesorado, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do parágrafo anterior.
- b) A titoría, oído o/a estudante e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do parágrafo anterior.
- c) A xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos o alumnado afectado e o profesorado ou titoría, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do parágrafo anterior.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos o alumnado afectado e o profesorado ou titoría, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) anteriores.

A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, se son menores de idade, antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

6.3.6 Medidas correctoras para as condutas gravemente prexudiciais.

As medidas correctoras (únicas ou combinadas) que se poden impoñer no CIFP Leixa, son as que se relacionan na Lei 4/2011:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar as actividades que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar as actividades que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Cando a falta sexa contra as pertenzas doutro membro da comunidade educativa, por roubo, rotura, etc., a corrección imposta levará consigo a restitución das pertenzas así como a petición de desculpas polo medio que se indique.

6.3.7 Apertura de informe reservado.

Cando se produzan feitos nos que non estea suficientemente contrastada a identidade das persoas causantes ou non se poida determinar a gravidade dos feitos, a dirección do instituto pode decidir a apertura dun informe reservado que terá como finalidade esclarecer os feitos acontecidos en canto a identificación das persoas responsables e tipificación de faltas, de existiren.

A apertura dun informe reservado debe facerse nun prazo máximo de 2 días lectivos dende que se ten coñecemento dos feitos interrompéndose, neste caso, o prazo fixado no punto 7 do artigo 25 da Lei 4/2011.

A redacción do informe reservado será realizada por unha persoa instrutora nun prazo máximo de 5 días lectivos.

Unha vez nomeada a persoa instrutora, a dirección facilitaralle unha carpeta coa documentación axeitada así como unha memoria USB con copias dixitais da normativa e os documentos necesarios para a resolución.

Á vista das conclusións do informe reservado, a dirección adoptará calquera das seguintes decisións:

- Pechar a incidencia que deu orixe ao informe
- Iniciar un procedemento de conciliación
- Incoar un expediente disciplinario. Neste caso a persoa instrutora nomeada para a incoación do expediente debe ser distinta da que tramitou o informe reservado, aínda que poderá utilizar os documentos xerados no informe como proba.

En calquera caso, a incoación dun expediente disciplinario tras a emisión dun informe reservado inicia un novo prazo de 12 días lectivos para a súa resolución contados a partir da data do informe reservado onde se identifican aos responsables e se tipifican as faltas.

6.3.8 Incoación de expediente disciplinario.

A imposición das medidas correctoras especificadas no punto 6.3.6 só poderá executarse tras a incoación dun expediente disciplinario segundo se establece no artigo 25 da Lei 4/2011.

A decisión da incoación dun expediente disciplinario corresponde á persoa que ostenta a dirección do centro quen deberá comunicalo nun prazo non superior a 2 días lectivos dende que se ten coñecemento dos feitos que o orixinan, agás que se cumpran as condicións do punto 6.3.6 en cuxo caso pode decidir, no mesmo prazo antedito, a apertura dun informe reservado.

Unha vez decidida a incoación dun expediente disciplinario, deberase consultar á comisión de convivencia quen poderá propor o nomeamento da persoa instrutora.

Unha vez nomeada a persoa instrutora, a dirección facilitaralle unha carpeta coa documentación axeitada así como un pendrive USB con copias dixitais da normativa e os documentos necesarios para a resolución.

6.4 Do dereito de reunión do alumnado

6.4.1 Xeral:

Actualmente tanto en España como no resto dos países da Unión Europea, en aplicación da normativa comunitaria e a xurisprudencia, non se contempla o dereito á folga dos traballadores/as autónomos, autopatronos, profesionais libres e estudantes, ao reservarse o dereito á folga como unha medida que teñen os traballadores/as asalariados para a defensa dos seus dereitos laborais.

A normativa educativa contempla o dereito do alumnado a reunirse sen que as ausencias a clase por este motivo poidan ser sancionadas dalgunha forma.

A inexistencia do dereito á folga do alumnado como tal dereito contrasta coas número de convocatorias de folga que fan as organizacións sindicais, mesmo de estudantes, utilizando o dereito á folga no seu sentido laboral e non no seu sentido de manifestación e/ou disconformidade social.

Para tratar de asegurar os dereitos do alumnado a manifestarse e de reunión, o CIFP Leixa establece un procedemento de actuación para cando se produzan convocatorias de folga, paro ou mobilización do alumnado, asumindo o termo “folga” como equivalente ao dereito de reunión e manifestación.

6.4.2 Procedemento diante dunha convocatoria de folga, paro ou mobilización do alumnado.

Cando se convoque oficialmente unha folga, paro ou mobilización de estudantes que afecte ao alumnado do CIFP Leixa seguiranse os seguintes pasos:

1. Convocarase unha reunión da Xunta de Delegados/as onde se informará da convocatoria de folga, paro ou mobilización e as condicións da mesma. A Xunta de Delegados/as decidirá se o alumnado do CIFP Leixa se suma á convocatoria elevando un escrito á dirección do centro, asinado pola presidencia da Xunta e os delegados/as, onde se comunica esta decisión e se indican as accións que realizará o alumnado de acordo coa convocatoria. O dito escrito debe entregarse en conserxería con 48 horas de antelación á data de celebración da folga, paro ou mobilización.
2. Cada un dos delegados/as informará ao seu grupo e o alumnado que o desexe poderá sumarse á folga, paro ou mobilización debendo asinar o documento ao efecto co seu nome e apelidos e sinatura persoal. Este documento servirá para que o profesorado

saiba que estudantes secundan a folga, paro ou mobilización e as faltas non se contabilicen aos efectos de sanción ou execución da perda do dereito á avaliación continua. A todos os efectos estas faltas consideraranse xustificadas agás nos casos en que o/a estudante non asinara o documento e decida non asistir ás clases ou non participe nas accións acordadas pola Xunta de Delegados/as.

3. O profesorado adoptará as medidas necesarias para non dificultar que o alumnado secunde a folga, paro ou mobilización e participe nas accións acordadas, e evitará a realización de exames ou probas agás aquelas que xa estivesen programadas e non se poida cambiar a outra data.
4. O alumnado que secunde a folga, paro ou mobilización adquire o compromiso de participar activamente nas actividades acordadas pola Xunta de Delegados/as segundo a convocatoria de folga, paro ou mobilización e os acordos fixados na acta de reunión. En ningún caso se aceptará como acción a simple ausencia ás actividades lectivas.
5. O alumnado que non secunde a folga, paro ou mobilización acudirá ao centro e se lle impartirán as clases con normalidade para garantir o seu dereito á escolarización.

En calquera caso, non se permitirán accións que impidan que calquera estudante asista ás clases e tales accións si poden ser consideradas faltas ao abeiro do punto 6.3.3 das normas de convivencia.

7 Difusión, seguimento e avaliación do plan de convivencia

Ao longo do curso darase a coñecer este Plan de Convivencia e as actuacións que nel se establecen a toda a comunidade educativa.

A difusión realizarase a través das distintas reunións previstas no curso , a través da aula virtual corporativa e páxina web do centro, así como a través das titorías.

Se poderán facer actividades de difusión polas aulas e taboleiros de anuncios, de cara a motivar a participación do alumnado ás actividades propostas pola Comisión.

Para o seguimento utilizaranse as reunións da Comisión de Convivencia integrada dentro da Coordinación de benestar igualdade e convivencia, nas cales se farán achegas sobre a proposta de actividades levantando acta das devanditas sesións e dos acordos.

Para a realización da avaliación se utilizarán os indicadores así como os instrumentos, establecidos para cada unha das áreas de intervención tendo en conta as variables cuantitativas e cualitativas que se farán constar na memoria así como as achegas e propostas de mellora.

Ao final de curso a Comisión de convivencia redactará unha memoria en la cal se farán constar los seguintes datos:

- ✖ Introducción: no que se estableza o contexto e a importancia do servizo podendo destacar os obxectivos e as metas xerais.
- ✖ Análise da situación de partida e das propostas para a abordaxe e solución.
- ✖ Descrición das accións realizadas incluíndo accións específicas.
- ✖ Resultados e logros: utilizando datos cuantitativos e cualitativos e mostrando o impacto das accións.
- ✖ Incluír testemuñas ou casos de éxito de persoas que se beneficiaron so servizo ou explicar o grao de satisfacción en función dos resultados.
- ✖ Desafíos futuros e áreas de mellora: propostas de mellora e abordaxe de desafíos.

Conclusión: resume dos puntos clave das intervencións do servizo.

A redacción da memoria debe aportar datos precisos, claros e concisos, basados na evidencia e cara a toma de decisións e propostas de mellora na convivencia da comunidade educativa do CIFP Leixa.

